



Ratifícase o acordo de conxela-lo prezo dos seguros, adoptándose unha política de austeridade no gasto federativo.

A Federación Galega de Caza ven de celebrar a súa asemblea anual

O pasado 4 de maio, a Federación Galega de Caza celebraba a súa asemblea anual, nas instalacións federativas en San Lázaro (Santiago), na que un dos acordos importantes foi o de ratifica-lo acordo da Xunta Directiva e da Comisión Delegada para non subir durante a presente tempada o prezo dos seguros federativos, así como a aprobación duns orzamentos basados na austeridade do gasto, para deste xeito non gravar máis as economías das familias cazadoras. Tralo análise económico púxose de manifesto a boa saúde das contas federativas, avalada pola recente auditoria realizada ás federacións deportivas a instancias da Dirección Xeral para o Deporte.

Aprobábase o Calendario oficial e a Normativa de competicións, esta última con importantes modificacións sobre todo no referente ás competicións da Copa Galicia, antes Copa Federación. A normativa e calendario pode descargarse en www.federaciongalegadecaza.com

No punto referido á Memoria de Actividades 2008 puido constatar que se segue a medrar tanto no número de federados como na afiliación de sociedades de caza.



Presentábanse á asemblea varios traballos relacionados cos accidentes producidos por especies cinexéticas, de especial incidencia e preocupación para as sociedades de caza; así como sobre a sinistrabilidade dos cazadores na práctica da caza.

Analizáronse as investigacións realizados polo *Observatorio da Caza*, así como as publicacións realizadas ao respecto e os traballos que están previsto rematar durante este ano 2009, entre os que cabe subliñar o estudo socioeconómico da caza en Galicia.

No eido divulgativo, púxose de manifesto que os novos contidos da páxina web federaciongalegadecaza.com seguen a facer medrar o número de visitantes, consolidándose entre as páxinas máis visitadas do sector cinexético. Informouse da recente posta en circulación da Revista federativa Galicia Cinexética, marca rexistrada pola propia Federación, que reciben gratuitamente tódolos meses as sociedades de caza e un amplo número de cazadores, así como da súa distribución comercial a través dos canales de prensa.

O informe da asesoría xurídica constata a boa acollida que ten, tanto por parte das sociedades como dos cazadores en xeral, este servizo gratuito.

Tamén foron obxecto de debate e interese para os representantes das sociedades de caza e cazadores, o transporte dos cans, os danos producidos polas especies cinexéticas tanto nas estradas como nos cultivos, e a aplicación da Lei de espazos naturais e biodiversidade, entroutros.

E xa para rematar, deuse conta á asemblea que o vindeiro 2 de maio está previsto realizar o Día Galego da Caza, en Pontevedra.